


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

31 de agosto – 1 de setembro do 2024

XXII ORDINARIO B



Os COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INJUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDE DE BENVIDA

♪ n° 3 *Unha xuntanza de amor*

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a Xesús e a súa Palabra de vida en comunidade, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Nos tempos de Xesús había un grupo relixioso, os fariseos, que eran estudosos da Lei de Moisés, e que tiñan gran importancia ante o pobo. Enfrontáronse con Xesús moitas veces como vemos hoxe no Evanxeo, e case sempre por darlle máis importancia aos costumes e tradicións que á Lei de Moisés.

A nós pódenos pasar o mesmo. Cantas veces dicimos sempre foi así? Antes facíase desta forma?

Quedémonos co que é importante: a Palabra de Deus, e logo, se queremos, teñamos as nosas propias devocións, pero estas non as podemos impor aos demais.

Xesús deixa ben claro o que é a nosa fe, o que temos que crer e poñer en práctica. Non podemos ser fariseos, que dan importancia ao que se ve dende fora e deixan de lado o mandamento de Deus, o mandamento do amor.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *A vida de Xesús demóstranos que vale a pena compartir con todas as persoas dende a actitude do amor. Pero moitas veces deixámonos levar polas tradicións e costumes e non consideramos as necesidades dos demais, por iso hoxe, antes de máis nada, queremos pedir perdón e refacer a nosa relación con Deus porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

- Polas veces que afogamos o noso corazón con rutinas e costumes. Señor, téndenos a túa man
- Polas veces que enchemos o noso corazón de cobizas e envexas. Cristo, téndenos a túa man
- Polas veces que sacamos do noso corazón divisións, odios, violencias. Señor, téndenos a túa man

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior. A nosa oración non é froito da rutina, é froito do corazón.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, noso Pai, asiste aos teus fillos e móstralles a túa bondade incansable.

Nós estamos orgullosos de terte coma creador e de termos un sitio nas túas mans cheas de agarimo: renova ti a obra da túa creación e protexe o que renovaches.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, teu Fillo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante: *Vivir a fe é tomar decisións, é asumir persoalmente un xeito de vivir.*

A fe, ou se asume como decisión propia ou non é máis que un feixe de costumes que non enchen a vida.

Escoitémolo no apóstolo Santiago e en Xesús.

Leccionario I B páx 238 Sant 1, 16-27 LECTURA

LECTURA DA CARTA DE SANTIAGO

Benqueridos irmáns e irmás:

Todo bo regalo e toda dádiva perfecta vén de arriba, do Pai dos luceiros, en quen nin hai cambios nin tempos de sombras. Pola súa vontade tróuxonos á vida coa palabra da verdade, para que fósemos como as primicias das súas criaturas.

Acollede docilmente a Palabra enxertada en vós, que pode salvar as vosas vidas. Sede cumpridores da Palabra e non vos contentedes con escoitala xustificándovos con razóns enganosas.

A relixión limpa e sen lixo ningún aos ollos de Deus Pai é esta: mirar polos orfos e polas viúvas nas súas coitas e gardarse da contaminación deste mundo.

Palabra do Señor

🎵 *nº 7 Andarei na presenza do Señor SALMO*

(en pé) *Leccionario I B páx 239 Mc 7, 1-23 EVANXEO*

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO MARCOS

Daquela reuníronse con Xesús un grupo de fariseos con algúns letrados chegados de Xerusalén, e viron aos discípulos comer con mans impuras, é dicir, sen antes lavaren as mans. (É sabido que os fariseos e os xudeus todos non comen sen lavaren ben as mans, seguindo así as vellas tradicións; e cando chegan da rúa, tampouco comen sen se bañaren antes; tamén están moi apegados a outras tradicións, coma o lavar vasos, xerras e bandexas). Por iso os fariseos e mailos escribas preguntáronlle:

- Por que os teus discípulos non se portan conforme a tradición dos devanceiros, senón que comen con mans impuras?

El contestoulles:
- ¡Que ben profetizou Isaías de vós, hipócritas, como está escrito:

Este pobo hórame cos labios,
pero o seu corazón está lonxe de min.
Danme un culto inútil,
porque a doutrina que ensinan
non son máis que costumes humanos.

Rexeitades os mandados de Deus e agarrádesvos ás tradicións dos homes.

E convocando á xente, dicíalles:

- Escoitádeme todos e procurade entender. Nada do que hai fóra do home pode manchalo ao entrar nel; pero o que sae do home, iso si que o mancha. Porque de dentro, do corazón do home, xorden os malos pensamentos, os roubos, os asasinatos, os adulterios, as cobizas, as maldades, os fraudes, os desenfreos, as envexas, as blasfemias, a soberbia, os desatinos. Todos eses males saen de dentro e manchan o home.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón



Tan importante coma os costumes é saber o que hai detrás e non contentarse con vivir de rutina dicíndonos “sempre foi así”.

Sempre se dixo de cumprir os mandamentos, pero Xesús mellóraos coas benaventuranzas.

Sempre se dixo de responder coa mesma moeda, pero Xesús preferiu poñer a outra meixela.

Sempre se dixo da importancia de cumprir os ritos pero non serven de nada se non os entendemos e os vivimos como se foran maxia.

Sempre se dixo que Deus nos xulga e castiga pero con Xesús descubrímolos Pai e Nai que nos quere.

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Hoxe Cristo espera de nós unha resposta de fe e de vida, non unhas simples tradicións e costumes aprendidas. Pedímoslle que de verdade aumente a nosa fe:*

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Monitor/a:

Credes en Deus, Pai e Nai, que nos crea á súa imaxe e semellanza para amar e medrar en fraternidade?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes en Xesús, o seu Fillo benquerido, que nos convida poñer corazón en todo o que dicimos e facemos, para que a vida non se quede en costumes?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes no Espírito Santo

que nos alenta para desbotar dos nosos corazóns as rutinas e descubrir a fe con razóns e fundamentos?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

Credes na igrexa,

comunidade viva que ten a necesidade de fuxir dunha fe asentada no cumprimento de ritos baleiros, para afincarse en feitos que comprometen?

♪ *Creo, Señor, pero aumenta a miña fe*

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: *Rezamos a Cristo, o que pode encher as nosas vidas, porque El non se contenta con rutinas.*

Rezámoslle dicindo:

SEÑOR, ÉNCHENOS DE VIDA

Monitor/a

- ✓ Mira Señor pola túa igrexa, mantennos comprometidos na escoita da túa Palabra, oremos
- ✓ Mira Señor para cantos facemos viva a fe en Os Cotos, mantennos no camiño da solidariedade e no achegamento aos máis necesitados, oremos
- ✓ Mira Señor polos que se preocupan e se adican a coidar dos maiores: nos hospitais, nas residencias ou nas casas, que sempre o fagan con tenrura, oremos
- ✓ Mira Señor a aqueles que viven a relixión como costume e tradición, que poidan atopar en nós unha fe vivida con corazón, oremos
- ✓ Mira Señor por nós, e aléntanos para sementar un trato digno con todas as persoas respectando a quen pensa, vive ou cre diferente, oremos

Celebrante: *Señor, atendes a nosa voz, non nos deixas da túa man, pois non queremos contentarnos con rutinas e aparencias. Ti que vives e reinas por sempre eternamente. Amén.*

3.- OS SIGNOS DA COMUÑÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: *A rutina pode moitas veces facer que non entendamos o que dicimos cando rezamos. Poñamos corazón na nosa oración ao Pai porque de nada vale rezar de rutina:*

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante *Hoxe temos moito que mellorar porque demasiadas veces pretendemos facer realidade unha fe que non é máis que costume e rutina. Que lonxe isto do que nos propón Xesús. Sexamos cribles na paz, no respecto, e deixemos que así medre a verdadeira fe, a única que nos pode facer cribles, a que sae do interior. De corazón deámonos a paz.*

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**

COMUÑÓN

Celebrante: Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a tenrura coa que facía ben. Descubriron tamén que as súas palabras valían a pena porque sempre eran palabras de vida, non de rutina.

Sintámonos orgullosos por vivir a fe nas palabras de Xesús, e orgullosos tamén por poder compartir agora este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

🎵 **nº 55 No colo da miña nai**

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, dámosche as grazas porque hoxe, como parroquia, podemos compartir a nosa fe.

Queremos medrar sementando ilusións por todas partes, sendo coherentes co evanxeo de Xesús, o teu fillo benquerido, que vive e reina con nós por sempre eternamente. Amén.

Queremos dar unha resposta libre e responsable á nosa fe, fuxindo de atarnos a costumes e tradicións.

En Xesús atopamos un corazón que nos dá vida, e nos achega á eternidade.

Que saibamos escoller o que encha o noso corazón e a nosa semana, porque seguro nos dará razóns para non contentarnos con rutinas.

**“A relixión verdadeira
é a que leva a mirar polos necesitados”
Palabras de hoxe na carta de Santiago**



**“Non nos contentemos con costumes e rutinas
poñamos corazón para vivir a fondo”
Suxerencia de Xesús no evanxeo de hoxe.**

Avísase das misas (ver follas do mes)

**Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén**

🎵 **nº 56 Ide e pregoade**

Podémonos ir en paz. Amén